

Ref.: RGV/gcf

En relación co proceso selectivo da fundación pública Hospital Virxe da Xunqueira de Cee convocado no DOG do 5 de xuño de 2006, esta División propón:

1.- Memoria do persoal facultativo

Vista a proposta que, a petición da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento profesional, formulou a comisión de selección constituída ao efecto, consistente no desenvolvemento dos apartados dos que pode constar a memoria, esta División propón que se proceda a publicación da devandita proposta para xeral coñecemento dos aspirantes.

Nas data de realización da proba, a comisión de selección determinará, mediante sorteo o chou, o apartados/apartados que deberán ser desenvolvidos polos aspirantes.

2.- Entrevista

En canto a entrevista, última parte do proceso, prevista, en principio, para todas as categorías, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional propón que sexa cualificada como APTO/NON APTO de tal xeito que teña unha puntuación neutra entre todos os aspirantes que a superen.

A comisión de selección deberá motivar suficientemente os aspirantes que sexan cualificados como Non Aptos.

3.- Datas de realización das probas

Polo que se refire as datas dos exercicios o igual que o resto de fundacións e empresas públicas, a fundación Virxe da Xunqueira poderá establecer con toda liberdade as datas das probas das categorías facultativas. Para o resto das categorías, as datas serán coincidentes coa datas que establece o Sergas para a OPE do organismo (previstas para o derradeiro trimestre do presente ano).

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2006

**O DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL**

Asdo.: Antonio José Fernández Paniagua

DIRECTOR DA FUNDACIÓN HOSPITAL VIRXE DA XUNQUEIRA.-